

TEMPO DE LECER



**DEPARTAMENTO DE
LINGUA GALEGA E LITERATURA
IES ALEXANDRE BÓVEDA
VIGO
NADAL 2014**

... tolice
é viver a vida assim,
sem aventura.
Deixa ser pelo coração,
se é loucura, então,
melhor não ter razão.

(O último romântico, Caetano Veloso)

LIMIAR

Un ano máis a rapazada non deixa de nos sorprenden. Neste pequeno volume atoparedes unha mancha de contos moi imaxinativos. A proposta inicial era clara: “Que se pode facer no tempo de lecer? Que imaxinas que pode pasar en quince minutos de recreo? Pois as respostas son moi variadas e divertidas.

Finalmente fixemos unha selección dos mellores e esperamos que vos divirtades polo menos tanto coma nós lendo estes relatos.

Grazas a todo o alumnado participante de 3º de ESO e 2º de Bacharelato.

Nunha sociedade libre é preciso a imaxinación.

ÍNDICE

<i>UNHA FINAL INESQUECÍBEL.....</i>	<i>9</i>
<i>AS CAMISOLAS MÁXICAS.....</i>	<i>13</i>
<i>AS TRIBOS DO INSTITUTO.....</i>	<i>15</i>
<i>A FUXIDA FRUSTRADA.....</i>	<i>17</i>
<i>OS TRES BONECOS.....</i>	<i>20</i>
<i>A VIDA AGACHADA DA AULA.....</i>	<i>22</i>
<i>A CICLOXÉNESE EXPLOSIVA.....</i>	<i>24</i>
<i>A PRAIA.....</i>	<i>27</i>
<i>COA AUGA POLO VAN.....</i>	<i>29</i>
<i>A CONTAR OS MINUTOS E OS SEGUNDOS.....</i>	<i>31</i>
<i>SEXTA-FEIRA DIVERTIDA.....</i>	<i>33</i>
<i>O DEPRADOR INESPERADO.....</i>	<i>36</i>
<i>UNHA CHEA DE SENTIMENTOS.....</i>	<i>39</i>

UNHA FINAL INESQUECÍBEL

Anxo Fernández Porto (3º ESO-A)

O que pasou o día 15 de xaneiro do ano pasado foi algo épico, inesquecível. Realizouse a primeira final do torneo de fútbol entre dúas clases do mesmo curso. Neste caso enfrontáronse os alumnos de 2ºESO C contra os de 2ºESO E. Foi un partido no que había moita expectación por ver quen se levaba o triunfo naquel torneo tan competido como era o daquel ano. Até os profesores estaban alí observando o partido; non había ninguén que faltase a aquel acto tan trascendental.

Os alumnos de 2ºESO C que non participaban no torneo fixeron moitos cartaces para animar os seus compañeiros de clase. Mentres que os alumnos e alumnas de 2ºESO E non fixeron cartaz ningún, eles crearon e ensaiaron moi duramente unha coreografía durante a semana que tiveron libre tras saber que eles pasaran á gran final tras derrotar a 1ºESO A por catro goles a cero. O baile e a canción elixida concordaban ás mil marabillas.

No día do encontro entre ambas as dúas clases todos estaban moi motivados para poder gañar este torneo. Os

titores de cada clase animaban os seus xogadores moi convencidos de que o ían facer ben e acadar o resultado esperado: gañar.

Cando se produciu o son da campaiña para que dera comezo o recreo, todos estaban moi alborotados e nerviosos. O encargado de asubiar o encontro sería o profesor de ximnasia, Luís. Nesta final engadiuse un xogador máis; antes xogaban cinco e, na final, ían xogar seis. O equipo de 2ºC tiña unha liña con dous defensas atrás, un mediocentro, dous extremos e un dianteiro. Moi atrevida esta aliñación por parte de C, mentres que os alumnos de E decidiron que era mellor xogar con tres atrás, dous mediocentros e un dianteiro, asegurar un pouco máis a posesión do balón.

En canto se fixo o sorteo do campo (tocoulle a C) e do balón (a E) deu comezo o tan esperado encontro. Os primeiros cinco minutos do partido comezaron ambos os dous equipos moi nerviosos, con moitos erros e imprecisións nos pases e xutes. Os compañeiros e compañeiras de 2ºESO E comezaron a bailar a súa coreografía ao ritmo da música. Fixérono moi ben. A bancada estaba dividida en tres sectores: os siareiros de C, os de E e os neutrais, que lles daba igual quen gañase con tal de que houbera un bo espectáculo por parte dos dous equipos.

No minuto 7 de partido, 2ºESO E cometeu un erro na saída do balón dende atrás que propiciou o primeiro tanto do encontro cunha definición excelente do dianteiro do equipo de C. Polo tanto gañaba C por un gol a cero a falta de oito minutos para o remate do partido. Aínda restaba moito por ver. Os afeccionados de E viñéronse arriba para animar o seu equipo, que non tardou en meter o gol do empate a un, tras unha gran xogada colectiva. Restaban tres minutos de partido cando un xogador de C foi expulsado con cartón vermello directo por unha dura entrada rente o chan, dentro da súa propia área, e provocando a pena máxima. O equipo de 2º ESO-C ficaba cun xogador menos nos últimos minutos de partido e cun penalti na súa contra. O encargado de transformar o penalti foi Martín, que quitou as teas de araña da escuadra da portaría tras o seu lanzamento. O gardameta non puido facer nada por evitar que o balón entrase. O equipo de E púñase por diante por primeira vez no encontro. Os xogadores de C non se viñeron abaixo e foron apertar todos a saída da bóla de E, arriscando moito e deixando moitos espazos atrás que non se poden permitir. Entón E nesas ocasións non perdoa e fixo o un a tres definitivo no marcador. Luís asubiou o final do encontro e todo o mundo foi darlle a noraboa aos gañadores e animar os derrotados. Os alumnos de 2ºESO E alzábanse co triunfo tan esperado pola

súa parte. A alegría notábase en todos, até nos profesores que viran o partido.

AS CAMISOLAS MÁXICAS

Carlos Reinaldo Senra (3º ESO-E)

Hoxe acordei ás oito e erguinme, coma todos os días, con grande esforzo. Prepareime, almorcei e marchei andando cara ao instituto.

Na clase agardaba con inquedanza que soase a campaña que avisa de que chega o tempo de lecer. Estamos no segundo trimestre e, como adoita acontecer, íase xogar un torneo de balonmán.

Xa que era un asunto serio, mercamos todas unhas camisolas iguais e deixámolas preparadas o día anterior nun recuncho do patio.

Esta noite houbo unha cicloxénese explosiva con tronos e lóstregos. Un deses lóstregos alumeou as nosas camisetas.

Cando as fomos pór hoxe, tivemos unha sensación estraña, sentímonos realmente xogadores profesionais do balonmán.

Tiñamos unha forza incríbel e cada vez que tocabamos o balón este chegaba, sen que ninguén puidese

evitalo, á portaría contraria, e iso que os rivais non eran calquera cousa. Estaba Toño *faciana de cabalo*, un central tan grande e feo que metía medo tentar paralo. De porteiro, Miguel *o centolo*. Hai tempo chamábanlle *o polbo* mais decidiron mudarlle o alcume porque se fixera moito máis duro, e o resto do rabaño tamén non eran trencos.

Todos os rapaces do instituto ficaron abraiados. Tanto que foron avisar o director para que dese testemuño do que alí acontecía, mais el, ao ver tan grande talento, decidiu pescudar coa axuda doutros profesores. No laboratorio de química analizaron o noso sangue, alento e todos cantos líquidos nos puideron tirar do corpo, sen atopar nada estraño.

Vaia, que nos clasificamos para a final, que xogamos no segundo tempo de lecer. Como as camisetas estaban suadas os de segundo deixáronnos as súas. Comezou o partido e infelizmente volvemos ser os xogadores de sempre.

Perdemos, no entanto agora sabemos que as camisolas puideron mudar as nosas vidas. Non as volvemos usar e son o noso segredo.

AS TRIBOS DO INSTITUTO

Cristina Sobrino Alonso (3º ESO-D)

No recreo do meu instituto observo á xente dividida en varios grupos durante este quince minutos.

Primeiro estan os que fican dentro, camiñando polos corredores, falando cos seus amigos e percorrendo o instituto sen ningunha finalidade concreta. Tamén están os que fican na súa clase, porque pensan que este tempo de recreo non lles chega para facer o que queren ou porque o pasan mellor cos da súa clase e non queren relacionarse con ninguén máis.

Moita xente baixa á cafetaría a mercar algo que lles quite un pouco a fame. Xeralmente só mercamos unha cousa e non ficamos alí para comela. Porén, hai algúns alumnos que o fan e, estes, acostuman ser de bacharelato. Eu penso que xa fican alí porque ao ser maiores non lles interesa estar no patio, pasear, troulear, ou xogar ao fútbol ou ao baloncesto como facemos nós.

Os máis pequenos do instituto, polo xeral, pasan ese quince minutos no patio, ao ar libre, para se esquecer un pouco das clases. Penso que ao seren máis pequenos, sobre todo os de primeiro curso, están acostumbrados a pasaren un longo tempo no patio, a xogar coma no colexio.

Neste espazo, os rapaces sobre todo, xogan ao fútbol por simple diversión ou por participar no torneo que organiza o instituto, sobre todo os da miña clase, que parecen moi entusiasmados antes de xogar. Cando os torneos son de baloncesto ou de balonmán únense máis rapazas a xogar.

O resto da xente do patio xoga ao fútbol en calquera lugar que encontren axeitado, sen porterías nin nada. Eu penso que o pasan igual de ben. Outros séntanse nas bancadas e simplemente descansa, aparentemente desexando non ouvir a campaña que indica o comezo das clases.

E, por último, nun recuncho do instituto chamado biblioteca, encóntanse os que faltan: persoas que prefiren facer o máis parecido a estar en clase que poidan. Uns séntanse nas butacas a gozar dunha boa novela, enciclopedia ou banda deseñada; outros séntanse nas mesas e adiantan estudo ou deberes; e outros séntanse tamén nas mesas, nas do final, e fan os deberes que non fixeron o anterior serán.

En resumo, isto é o que se fai nos quince minutos de lecer que temos. Algúns aprovéitanos dunha forma e outros doutra. E todos pasan un bo momento.

A FUXIDA FRUSTRADA

Irene Vázquez Carballo (3º ESO-A)

É incríbel. Isto non pode estar pasando. É a primeira vez que me atopo no despacho do director e xa é por un motivo de expulsión. Non sei que se me pasou pola cabeza cando Ana e Xoán me propuxeron escaparnos no derradeiro recreo da sexta feira. Eles planearon unha maneira de poder saír do instituto sen que os profesores puidesen facer nada para nos deter. Mais nese plan involucraran a case todo o alumnado. O seu plan era saír ao exterior coa axuda dunhas cordas que roubaran na clase de ximnasia. Roubaron case todas as que se atopaban no instituto nese mes. Si, dixen, por eles teren isto planeado dende hai un mes ou máis.

Eles planearan todo para que a metade do instituto saíse pola parte que dá ao colexio de educación infantil e, no seu defecto, a que dá ao aparcadoiro que está ao carón do colexio. Mais non planearan cando colocarían as cordas e tiveron que pór unha escusa para saír da clase uns minutos antes para as colocar. Porén, corrían o risco de que algunha clase estivese na area do recreo. Tiveron moita sorte. O recreo estaba baleiro e non saíu ningún profesor.

Eu contaba os minutos que faltaban para que rematase a clase. Cada vez sentíame mais inseguro co plano de Ana e Xoán. Sabía que eles o planeran todo, no entanto, poderían esquecer algo. Soou a campaña. Todos nos levantamos e nos miramos. Notei que non era o único inseguro. Saímos todos ao recreo. Fiquei pampo. Arredor das cordas había unha morea de nenos e nenas, e outros tantos a subir polas cordas. O primeiro que pensei era que toda esa rapazada non podería saír en quince minutos e, polo tanto, eu tampouco. Nese intre escoitei unhas sirenas. Pensei que o imaxinara, mais desboteino porque o recreo ficou nun momento en silencio e todo o mundo puxo cara de medo. Un neno gritou que viña a policía e o paso entre o instituto e o colexio comezou a axilizarse. De súpeto, o recreo inzouse dunha morea de homes vestidos de negro que comezaron a apañar nenos e levalos xunta o profesorado. Vin que aos nenos que estabamos a ollar a fuga non nos facían moito caso e non fun o único, xa que Ana e Xoán tamén se decataron. Como eles aínda non subiran, correron cara a nós. Salváronse de ser detidos.

O director colleume polo brazo e levoume ao seu despacho. Cando pasamos pola entrada do instituto vin moitos profesores e profesoras falando polo teléfono. Polo

que ouvín, estaban a chamar aos pais dalgúns nenos que identificaran entre os que os policías traían. Cando cheguei ao despacho sentáronme nunha cadeira xunto a outros nenos e nenas. O director e a xefa de estudos comezaron a facer preguntas sobre o ocorrido. Alí recuperei a fala e comecei a pensar. Con certeza descubrirían que os responsábeis eran Ana e Xoán e, tamén, que eu era moi amigo deles, polo que sospeitarían de min. Porén, eu non era culpábel, eu non fixera nada. Só ollar.

Cando me tocou falar, pensei antes o que dicir, mais non dixen o que pensei. O que pensara era non delatar os meus amigos, no entanto solteino todo, todo o que sabía. Talvez acreditaron en min, porque me deixaron saír e me levaron á entrada onde estaba miña nai. Antes de me deixar ir con ela, díxome que, ao día seguinte, tería que explicar mellor o acontecido.

E aquí estou. Ana e Xoán botáronme as culpas de todo e agora son eu o culpábel, ao que poderían expulsar. Desde agora eles xa non serán os meus amigos. Eu tampouco fun moi bo amigo delatándoos. Saíume así, sen máis.

OS TRES BONECOS

Ismael Jorge López (3º ESO-A)

E alí atopabámonos. Toda a clase desexando que a campaña da escola soase xa, a contar os minutos para que por fin acontecese, ese canto anxelical que nos liberase daquela tortura. Cando xa só restaban uns segundos, o profesor Ildefonso Pinheiro pronunciou as palabras abolidas: “Hoxe ficades sen tempo de lecer”. Parecía que aqueles vocábulos non rematarían nunca. Eran coma puñais que se espetaban no noso corpo moi devagar. Tiñamos que permanecer na aula 15 minutos máis e, despois, outras dúas horas máis.

Antón, Mateo e mais eu ideamos un plano co que acadaríamos saír de alí aínda que fosen só uns minutos. Preparamos uns bonecos que se parecían a nós e saímos paseniño onda a porta e... cando nos dispuñamos a ser ceibes, Fonso, que é moi pillabán, deuse de conta de que os bonecos non se parecían a nós. De socate, botou unha ollada á porta, mais nese intre nós xa estabamos tomando un bocadillo o máis afastados posíbel da aula. Ilde, máis decidido que nunca, foi na nosa procura. Comezou pola cafetaría e, ao ver que non estabamos alí, foi preguntando a alumnos e

profesores se nos viran. Mais nós somos moi bos agachándonos. Niso, viu a Mateo leriar cunhas mozas que resultaron ser policías. Cando o mestre chegou xunta el, dixolles ás mozas que xa se ocupaba el de o levar ao presidio, mais non sen antes atoparnos a Antón e mais a min.

Despois de que Fonso persuadise a Mateo durante varios e longos segundos para que lle dixese onde estabamos, o moi cagalleiro cantou. O señor Pinheiro foi na nosa procura e conseguiu a súa finalidade. Tíñanos aos tres no cárcere e aínda lle daba tempo a tomar un café antes de que rematase o tempo de lecer.

Ao día seguinte, alí estabamos os tres de novo dando clase coma todos os días. Cando chegou a hora da materia de galego, Fonso sorprendeuse moito e saíu ás présas a ollar que pasara. Cando chegou ao cárcere, alí estabamos de novo. O profesor pensou que toleara até que, fixándose ben, deuse de conta de que a Antón lle faltaba un ollo. Sorprendido, aínda tardou uns segundos en decatarse do que ocorrera. Eramos bonecos!

A VIDA AGACHADA DA AULA

Lucía Santamaría Álvarez (3º ESO-D)

Toca a campaña no Alexandre Bóveda, un día de outono, malia a calor que vai fóra. No patio do recreo brilla o Sol. Uns segundos máis tarde os alumnos e alumnas saen a correr e dispónse a comezar o seu partido de cada día dunha clase contra outra...

Mais todo é diferente na aula de 3º ESO D. Mentres todo o mundo despexa a aula despois dunha longa clase de galego todo comeza a cobrar vida.

O señor encerado xa pode soltarse dos incómodos ganchos que á parede o suxeitan; os pupitres xa poden estirar o se lombo despois de todo o peso que tiveron que aturar e, os cadros de mapas que se atopan a carón do encerado, toman o ar fresco da mañá mentres gozan da paisaxe a través da ventá.

Sempre todos felices formando una familia unida despois de tantos anos xuntos no mesmo lugar. Aínda que non todos están dispostos a ficar alí durante moito máis tempo.

O señor encerado observaba atentamente o mapa do mundo; levaba tempo xa cunha única tentación: pretendía facer unha visita a calquera outro colexio do mundo para admirar as diferentes culturas.

Entón, sen pensalo moito máis, de súpeto, preguntoulle ao señor mapa se lle importaba prestarlle un lugar do mundo que poder visitar durante uns instantes. O señor mapa nunca escoitara cousa igual, mais aceptou.

Así é que para o seguinte recreo organizaron entre todos a escapada perfecta para o señor encerado, como el desexaba.

A CICLOXÉNESE EXPLOSIVA

Nadia Balsa Mosquera (3º ESO-A)

O reloxo marcou as doce e vinte exactas da mañá e, con el, a campaña anunciou o segundo e derradeiro recreo do día. As cadeiras desprazáronse polo chan ao unísono por toda a escola, cun son que ecoaba polos corredores. Os rapaces saíron das aulas a correr e cheos de emoción coas súas bólas, as merendas e os seus sorrisos, para aproveitar ao máximo os quince minutos de tempo de lecer. Canto podía ocorrer nun intre tan pequeno entre as clases e o descanso?

O tempo transcorría coma todas as mañás, de segunda a sexta feira. Os mozos e mozas dirixíanse cara á cafetaría para mercar algunha bolsa de fritos ou algún bocadillo, todos eles apertados naquela pequena sala de comidas. O patio aínda estaba mollado pola chuvia caída durante ese día, mais os alumnos seguían a xogar a fútbol, rindo con voz alta e dando voltas polo centro. No interior, os mozos acomodábanse no chan preto dos radiadores das paredes, subían e baixaban chanzos sen parar e leriaban con seu grupo de amigos. O tempo seguía a correr uns minutos máis. preto da fin do lecer e do comezo das últimas dúas horas. De súpeto, todo o balbordo de voces que enchía ao instituto

comezou a se acalar até deixar a zona nun completo silencio. As nubes danzaban harmoniosas no ceo grisáceo e lúgubre, cando todo comezou a escurecer. A chuvia volvía tomar forza dunha maneira nunca vista antes. O vento zoaba con forza na cidade e as árbores remexían as pólas coma se quixesen avanzar pola rúa e escapulir. Todo semellaba un ciclón que os dous elementos da natureza lideraban ao compás, deixando toda a estrada e os seus arredores completamente revoltos. As follas revolucionáronse e, levadas polo vento irrompían nos portais dos edificios. Os autos comezaron a cambalear no alcatrán e algúns rolaron pola rúa adiante. Os nenos xa case preparados para entrar nas clases ficaron abraizados polo acontecido. O vento seguía a soprar e a chuvia batía nos cristais das portas con tanto ímpeto que as botaron abaixo. Os cristais esnaquizaron e toda a escola berrou de medo. Os profesores, con presteza, marcaban os números dos teléfonos para chamar as emerxencias. Mais as liñas estaban desligadas. A entrada estaba ateigada, pois toda a xente ficara aí, a pechar a zona. A situación era desesperante e. Tanto o alumnado coma o profesorado, non se atrevían a dar un paso fóra do centro. O vento seguía e seguía, e o seu vigor xa era imparábel. Tan imparábel era, que todos, os novecientos trinta nenos e os cento vinte profesores, saíron voando polas portas principais. A xente berraba, choraba. Os

rapaces e raparigas que ían despegando os seus pés do chan tentaban suxeitarse ás paredes, ás columnas, a calquera parte da que puidesen pendurarse para se salvar. Nada funcionou e, ao final, todos saíran voando dereitiños ao ceo. Tencionou achegarse algún amigo para reunir azos e atopar unha solución. Pasaron uns minutos e, así como despegaron, o vento e a chuvia frearon. O ceo recobrou o seu ton gris. Todo desapareceu nun tempo mínimo e ninguén sobrevivira a aquela catástrofe. A escola ficara deserta e, con ela, a cidade. Fundiuse todo nun silencio cheo de temor. A campaiña soou por derradeira vez no día. E agora... quen daría as dúas horas restantes de clase?

A PRAIA

Silvia Mosquera Lago (3º ESO-D)

Por fin! A desexada campaña indicaba a fin da sesión e, neste caso, o comezo do tempo de lecer. De súpeto, os silandeiros corredores estouparon nun bulir de conversas, gargalladas, saúdos e apertas.

Malia o frío de xaneiro que envolvía o IES, ía un sol espléndido, pouco habitual nesa época do ano. Porén, a gran maioría do alumnado de 3º e 4º da ESO, que estaban afeitos a ficar dentro das instalacións no período de descanso, saíron ao patio do recreo para aproveitar o encanto dese mediodía.

No entanto, unha expresión de sorpresa mesturada con incredulidade asalougou as faces dos alumnos ao descubrir unha enorme praia no lugar do recinto de recreo.

Paralizados polo inverosímil da situación, ninguén era quen de articular palabra. Con dificultade, comezaron a comentar entre eles o feito de que unha paradisíaca praia ocupase o lugar dos campos deportivos e das bancadas.

Despois do que semellou un interminábel silencio, decatáronse de que estaban a perder o tempo do recreo,

malgastando eses desexados quince minutos de liberdade. Porén, unha gavela de alumnos tivo a iniciativa de camiñar pola praia. Outros, os máis lacazáns, decidiron ficar no primeiro tramo de area a tomar o sol, e un grupiño de rapaces foi probar a auga.

A súa actitude mudou dunha inesperada sorpresa a unha doada normalización do que estaba a ocorrer.

Gozaron coma nunca dese recreo nada común, xogando na area, relaxándose e camiñando pola beira do mar.

Cando rematou o período de descanso, todos voltaron ás súas aulas con total normalidade e, cando ollaron pola xanela para se asegurar de que a praia seguía alí, só puideron distinguir o común patio ao que estaban afeitos.

Seica dende ese día, o alumnado de 3º e 4º da ESO do IES, adoitan saír sempre ao patio do recreo, para ver se atopan de novo esa incríbel praia.

COA AUGA POLO VAN

Iria Pena González (3 °ESO-A)

“Era un día normal no instituto Alexandre Bóveda. Os alumnos encontrábanse nas aulas. Chovía arreo, como acontecera durante toda a semana, mais aquel día choveu como ningún outro...”

Así o contaba Xoán, un rapaz de 3° da ESO que nos explicou o que acontecera naquel recreo: "Eu estaba na 4° hora cando, de súpeto, soou a campaiña. Alanquei até a porta xunto cos meus amigos. Decidimos dar un paseo polos corredores, xa que non podiamos saír ao patio. Estabamos na entrada principal cando vimos os conserxes con caldeiros de auga que ían correndo até a cafetaría. Entón decidimos ir ollar o que acontecía. Cando entramos na cafetaría observamos que estaba asolagada. A auga entrara polas fiestras e chegaba polo van. Preguntei se podía axudar en algo, porque cada vez o nivel da auga subía máis e máis e a idea dos caldeiros non resultaba moi útil. De súpeto tiven unha idea. Fun correndo até as escaleiras principais de fóra do instituto que, ao seu lado, teñen unha porta que comunica coa cafetaría. Tenteina abrir con todas as miñas forzas até que o conseguín.

A auga saía e todos me daban os parabéns pola brillante idea. Fun correndo até o corredor principal, onde se atopaban os profesores, o director, a xefa de estudos e os conserxes. Díxenlles o que fixera. O director explicoume que eu era un alumno con moita afouteza e deume tamén os seus parabéns. Para min a súa noraboa era moi especial.

Despois do acontecido, volvemos baixar á cafetería e observamos o seguinte: os nenos e nenas estaban de pé xogando coa lama que deixara a inundación. Nese intre un neno de primeiro tivo a idea de facer unha loita coa lama. Toda a cafetería púxose patas arriba, os rapaces estaban todos sucios e de cor marrón. Non paraban de rir a gargalladas e de xogar. Cando entrou o director todos se pararon e ollaron onda el. Tiña unha expresión de misterio. Ninguén sabía o que ía dicir. Naquel intre os rapaces ficaron abraiados polo que vían: o director púxose a xogar con eles na lama. Gozaba como calquera outro rapaz, non paraba de rir. Entón soou a campaiña e toda a rapazada foi para as aulas.

En conclusión, foi un recreo especial, do tipo que non gustaría ter todos os días de choiva.

A CONTAR OS MINUTOS E OS SEGUNDOS

Alicia Diaz Cobelas (3º ESO-D)

Ollo rapidamente o reloxo. Son as dez e vinte. Só restan cinco minutos máis, xa está a piques de soar a campaiña que anuncia o final da clase e, polo tanto, o comezo do primeiro recreo da mañá. Os minutos restantes pasan doadamente e case sen darme conta. Todos nos erguemos para aproveitar os seguintes quince minutos.

Comeza agora a rutina de todos os recreos: comprar o bocadillo, percorrer o camiño até o patio, sentar alí cos amigos e falar de cousas sen importancia até que a campaiña berre de novo. E, coma hoxe é un día coma outro calquera, a orde dos acontecementos é a mesma. Case dez minutos máis tarde, estamos todos sentados nas escaleiras de pedra, que é o sitio habitual, a falar sobre o que fixemos nas primeiras horas, os próximos exames e sobre as horas que aínda temos por diante.

Coma sempre, o de sempre. O tempo pasa voando e no medio da conversa soa o sinal que marca o final do recreo e o comezo das seguintes clases. Aínda outros cen minutos por diante, varias explicación e exercicios e copiar e copiar e

copiar algún esquema na clase para volver saír ao recreo. A parte boa é que toda clase faise máis sinxela sabendo que, despois, hai un tempo de lecer e, como é o único razoamento posíbel, entramos na clase.

SEXTA-FEIRA DIVERTIDA

Noelia Rodríguez González (3º ESO-A)

Nun recreo poden ocorrer moitas cousas, dende a pelexa por pedir o último bocadillo vexetal, até o partido da nosa clase contra a clase dos máis fachendosos ou, simplemente, comentar cos teus amigos os últimos díxome-díxome e repasar as notificacións do Whatsapp e do Twitter.

A semana pasada o director presentouse na nosa clase á segunda hora, cando tiñamos bioloxía con Carmen, que nos andaba a explicar como se alimentan as células eucariotas do noso organismo. Paco comentounos que os dez últimos minutos da clase de bioloxía tiñamos que ir ao patio para ver unha representación de circo dos de 2º de bacharelato. Tamén nos explicou que eses dez minutos reenganchariámoslos co recreo.

Todos comezamos a bater palmas e a festexar a perda deses dez minutos de clase. Carmen continuou a nos explicar o tema, quero dicir, que o intentou, xa que non parabamos de falar da representación de circo.

Cando restaban escasos minutos para que puidésemos saír, Carmen repartiunos unhas follas da excursión que iamos

facer a Sevilla. En principio a excursión era para os de 4º da ESO mais, como a maioría preferiron Roma, abriron o prazo para nós, xa que Carmen só nos dá clase a nós en 3º da ESO.

A excursión, explicounos, consiste en ir a Sevilla e hospedarnos nun albergue. Nese período de tempo visitaremos lugares como o parque de Doñana, as concas do Río Tinto ou o barrio vello. Tamén levaremos a cabo actividades como tiro con arco, tirolinas ou escalada as árbores. Alén disto, o derradeiro día iremos a un parque de atraccións que coincidirá coa festa inglesa “Halloween”.

Cando rematou de nos explicar todo, levounos até o patio e colocounos nas bancadas, dende as que podiamos ver como se preparaba o alumnado de bacharelato. Mentres se colocaban os demais grupos de 3º, estabamos a comentar entre nós o vestuario que levaban e o lograda que estaba a maquillaxe que levaba o pallaso, ou a fluidez coa que se movía un rapaz enriba dun monociclo.

A actuación estivo moi ben. Primeiro saíron unhas raparigas a facer un número de flexibilidade e acrobacias acompañadas duns rapaces. O segundo número consistiu nos malabares e nunha rapariga que sabía facer maxia. Por último chegaron os monociclos, con máis malabaristas e a gran

actuación do pallaso, na que non podíamos parar de rir e que moitos de nós gravamos cos nosos teléfonos móbiles.

Cando rematou, aínda restaban uns minutos de recreo para comentar entre nós o que nos parecera e darlles os nosos parabéns aos artistas.

Soou a campaña e todos nos diriximos ás nosas clases . O día rematou coma outra sexta-feira calquera. Porén, ollando lado bo... o día seguinte xa era fin de semana.

O DEPRADADOR INESPERADO

Antía Álvarez Pazó (3º ESO-A)

Por fin comezou o tempo de lecer... xa ía tendo fame. Agora tan só teño que esperar a que os rapaces saquen o bocadillo. Eses pailáns non me ollarán até que sexa moi tarde. Tarde de máis. Mais agora tan só teño que esperar e decidir a miña vítima. Talvez aquel rapaz de ollos ruzos... Ten un bocadillo de panceta quentiño... os meus favoritos. Mais ten pelo na cara... Eu prefiro os lampos. Nos humanos os lampos adoitan ser mais fáciles de enganar... para min que son coma píos. Píos cunha merenda moi larpeira. De momento xa ando a axexar a tres ou catro. O meu preferido é aquel rapaz tan repoludo... Trouxo un bocadillo de chocolate e mais amorodos. De momento anda a correr coma un tolo tras dunha bóla que non deixa de salferirr os rapaces que a perseguen refolgantes, ao botar nas pozas do patio. No entanto, eu xa atopei outro posíbel obxectivo... Aquele rapaza que esta a colgar da verxa como unha tola. Coido que tenta saír porque lles caeu a pelota de baloncesto. É o meu momento... esvarou e agora está pendurada do valado dunha man. Vou voando coma un falcón e rípolle o cacho de empanada que tiña na man. O berro do rapaz rouquén que

está preto dela non foi quen de facela reaccionar, pendente coma estaba de non caer. Afástome de alí rindo coma un ourizo en outono (Nota mental: non rir se tes a comida no bico) . Volvo á canle do ximnasio a comer o meu botín. Decátome de que ao me rir caeu a empanada e xa foi devorada polo furabolos de Plumifñas. Guano, guano, e mil veces guano.

Mais acougade... aínda fica aquel rapaz que vira o primeiro... o que non era lampo... Nooon acaba de zampar o postremeiro anaco... Pois vaise acordar de min. Acabo de cagarlle enriba. Río outra vez, non sen asegurarme de que non teño nada na boca... aínda. Por que o rapaz chaparro aquel... que anda a xogar ao fútbol non rematou o bocata? Prepárome para atacar... Vou a velocidade do vento. Que digo de vento! Dun furacán! Que morran de envexa as aves rapaces. As gaivotas mandamos. E achégome moito. Está distraído a lle dar ao balón... Xa chego. Golpe de bóla en toda a face. E non na do rapaz, non. Na miña! Caio ao chan... E ollo unha pía humana cun bocadillo de bacon recen saído da cafetería... Levántome dun salto profesional coma so as gaivotas sabemos facer e chímpollo coas poutas en pleno voo. Iso si que é arte... Agárroo coas poutas tendo neste especial coidado, que pese o que diga Plumifñas son moi

intelixente e aprendo axiña . E vou voando un tanto desequilibrada cara ao meu curruncho do tellado mentres ríoco meu peteiro bagullado. No entanto, sabedes que...? A miña estratexia cumpriu o seu efecto. Si home a miña estratexia para despistar á presa. Non acreditariades de verdade que me deron sen eu deixarme pillar... Non si? Pois non! Foi querendo! Papo o meu botín baixo a ollada de envexa de Plumíñas e sobre os berros dos rapaces saqueados (Nota mental: repetir a xogada, e logo finxir que foi querendo).

UNHA CHEA DE SENTIMENTOS

Vera Rodríguez Naz (2ºBAC-B)

- No caso de xa facerdes os exercicios tedes que ler a páxina do libro que trata de... *Ring, ring!*

A campañaña soou interrompendo o profesor. Os alumnos erguéronse da cadeira cunha renovada enerxía ausente durante toda a sermona da clase. Os ollos dos cativos escintilaban cheos de vida nas súas facianas, pois chegara un dos mellores e máis desexados momentos da mañá: o tempo de lecer. Quince minutos nos que os corredores do instituto se enchen de ruído, de risos, de choros, de conversas sobre os planos para a noite e de berros cheos de verbas vulgares. Os profesores foxen de tal ambiente e soben ou baixan as escaleiras tentando chegar canto antes a ese lugar onde soamente hai adultos, conversas sobre temas cultos e onde se bebe café sen parar.

Teo atópase no vestiario do ximnasio. Estase a espir para despois pórse a roupa que non está suada. De súpeto escoitase a voz da profesora:

- É preciso que fechedes a porta ao saídes. Non vos esquezades.

O rapaz non tiña vontade de saír ao recreo. Movíase devagar desexando que a campaña soase o máis rápido posíbel e tivese que voltar ás clases. Suábanlle as mans coma sempre que estaba intranquilo. “Acouga, acouga”, cavilou para os seus adentros. Nese recreo tiña que ir ao departamento de lingua inglesa para que lle desen a nota do exame de recuperación. Teo tremía por aquela nota, tiña moitísimo medo a suspender o exame, pois estudara moito e soamente pedía un aprobado. En 2º de bacharelato, o curso no que estaba Teo, era necesario aprobar en xuño, porque se non, “non poderei facer selectividade”. Teo tiña todas as demais materias aprobadas, mais non quería que lle ficase o inglés.

Sen poder evitalo por máis tempo, o rapaz fechou a mochila e saíu do ximnasio co corazón nun puño. Abriu a porta de entrada ao instituto e subiu polas escaleiras até o terceiro andar. Alí estaba. Non había volta atrás. Era agora ou nunca. O resto dos alumnos pasaban ao seu carón sorrindo, falando das xa moi achegadas vacacións. Cheirábase a liberdade por todo o instituto, porén Teo sentíase alleo a ese sentimento. Petou na porta e entrou. Alí estaba a súa profesora. A muller tiña unha carpeta diante dela e ollaba a Teo cunha expresión indescifrabel. “Senta Teo”, díxolle. O

rapaz tragou saliva. Nesa carpeta estaba o seu exame e nese exame non había soamente unha nota, senón que estaba agochado un sorriso... ou unha bágoa; unha boa nova ou unha má nova; unha oportunidade de facer selectividade en xuño ou un verán cheo de clases na academia. A vida ou a morte.

De súpeto a profesora abriu a carpeta e púxose a procurar o exame do rapaz. Os dentes de Teo tremelicaban sen poder evitalo. Chegou o momento. Despois de botarlle unha lixeira ollada, a profesora puxo o exame diante do mozo. Teo ollou a nota: Un aprobado. Aprobara o exame cun 6,5. Os beizos da profesora formaron un sorriso ao que Teo lle correspondeu.

- Mira se hai algún erro na corrección, se queres...

Mais a campañaíña soou nese momento e Teo saíu do departamento feliz e tremendamente fatigado. Nun recreo poden pasar moitísimas cousas, mais sobre todo pódense ter milleiros de sentimentos.

As vacacións estaban máis preto ca nunca.

